

# AS CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL RESIDENTE EN FORMACIÓN

RESUMO DO ESTADO DA NEGOCIACIÓN NA MESA SECTORIAL.

10/07/07



## O NOVO VALOR DAS GARDAS

Logo das diversas reunións da mesa negociadora nas que se discutiu de propostas moi alonxadas entre as ofertas do Sergas e as pretensións da CIG e dos Residentes, a última reunión do día 10 de xullo conseguiu deixar sobre a mesa unha proposta que cumpre case todas as nosas condicións e que se pode considerar por elo como unha boa base para estar máis cerca de acadar un acordo.

Para acadar os valores que se indican nas táboas, utilizaronse os seguintes parámetros:

- Para o 2007, o valor medio da hora de garda nos Servizos de Saúde que teñen acordos recentes, excluído o Sergas; ese valor medio incrementase co valor adicional da hora de garda en domingo e festivo neses mesmos Servizos de Saúde. Con elo, obtemos un valor da hora de garda para o 2007 lixeiramente superior á media do SNS.
- Para o 2008 incrementáranse os valores do 2007 nun 7%, como estaba previsto no acordo de decembro de 2006. O novo valor/hora así obtido está entre os catro máis altos do conxunto do SNS para ese ano.
- Igualmente, para xaneiro do 2009 se incrementarán os valores do 2008 nun 7%; ese novo valor/hora estaría no prezo máis alto do conxunto do SNS (agás R-III, que sería o segundo). No último trimestre do 2008 haberá que negociar os valores que teñan as gardas a partir de febreiro de 2009, e para elo haberá que ter en conta as revisións das gardas que se pudesan ter entón negociado tanto en Galicia para o persoal de plantilla, como no SNS para o persoal en formación.
- Tanto no 2008 como no 2009 haberá que incrementar o valor/hora da garda coa % que se contemple nas respectivas leis orzamentarias anuais (previsiblemente un 2%).

	R-I	R-II	R-III	R-IV e R-V
<b>VALOR/HORA 2007</b>				
<i>Actual</i>	7,90	8,38	8,86	8,86
<b>Novo</b>	<b>10,86</b>	<b>12,42</b>	<b>13,98</b>	<b>15,47</b>
<i>% sobre valor/hora Facultat:</i>	56%	64%	72%	80%
<b>VALOR/HORA 2008</b>				
<i>Actual</i>	8,44	8,97	9,48	9,48
<b>Novo</b>	<b>11,62</b>	<b>13,29</b>	<b>14,96</b>	<b>16,55</b>
<i>% sobre valor/hora Facultat:</i>	60%	69%	78%	86%
<b>VALOR/HORA 2009 (xaneiro)</b>				
<i>Actual</i>	9,03	9,59	10,14	10,14
<b>Novo</b>	<b>12,43</b>	<b>14,22</b>	<b>16,01</b>	<b>17,71</b>
<i>% sobre valor/hora Facultat:</i>	65%	74%	83%	92%

Esta nova situación do prezo das gardas, que representan importantes incrementos na nómina mensual dos residentes, hai que valorala como altamente satisfactoria, pero ¿chega para pechar un acordo?. Pensamos que non. ¿Qué falta?.

Pois falta definir a data dende a que estes novos prezos se van aplicar. Dende o principio da negociación o Sergas e a CIG, xunto cos Residentes, mantivemos posicións moi distanciadas xa que mentras a Administración defendeu inicialmente a aplicación dos novos prezos con efectos de xaneiro de 2008, nós defendimos os efectos de xaneiro de 2007. Na última reunión o Sergas prantexou unha posición pechada no sentido de querer aplicar estes novos valores dende outubro, cousa que tampouco aceptamos. Finalmente, prantexamos a disposición a aceptar estes novos valores si o Sergas aceptaba aplicalos dende este mesmo mes de xullo; o Sergas quedou de darnos a súa resposta definitiva nos próximos días, e dela dependerá a posibilidade de pechar ou non un acordo.

